



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### BERGONDO

##### Secretaría

*Información pública. Dedicacións parciais*

**Expediente. 2023/E005/000001**

O Concello Pleno en sesión extraordinaria celebrada o 27 de xuño de 2023, adoptou o seguinte acordo, que se fai público en cumprimento do establecido no artigo 75.5 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local:

«**Primeiro.-** Recoñecemento do desempeño con dedicación parcial do cargo de concelleiro/a delegado/a dos Servizos de Ensino, Cultura e Deportes, integrados na área de Presidencia, cunha dedicación mínima de 30 horas semanais, no horario que fixe a súa área, ao que se lle dará publicidade, para una máis completa atención ao público.

**Segundo.-** Recoñecemento do desempeño con dedicación parcial do cargo de concelleiro/a delegado/a dos Servizos de Desenvolvemento Económico, Formación e Participación Veciñal, integrados na área de Infraestruturas, Urbanismo e Réxime Interior, cunha dedicación mínima de 30 horas semanais, no horario que fixe a súa área, ao que se lle dará publicidade, para una máis completa atención ao público.

**Terceiro.-** Recoñecemento do desempeño con dedicación parcial dos dous cargos de concelleiro/a delegado/a do servizos de Benestar Social (integrados na área de Presidencia) e dos Servizos municipais (integrados na área de Infraestruturas, Urbanismo e Réxime Interior), cunha dedicación mínima de 22 horas e 30 minutos semanais, no horario que fixe a súa área, ao que se lle dará publicidade, para una máis completa atención ao público.

**Cuarto.-** Fixar como retribución bruta anual para os/as concelleiros/as delegados/as das áreas e servizos, cunha adicación de 30 horas semanais, a cantidade de trinta mil seiscientos euros -30.600,00 €- cantidade que será aboada mensualmente coas nóminas municipais, pagadera en catorce mensualidades (doce ordinarias e dúas extraordinarias), e que experimentará as variacións legais previstas para as retribucións dos funcionarios nas sucesivas leis anuais de presupostos, con efectos dende o 1 de xullo de 2023.

**Quinto.-** Fixar como retribución bruta anual para os/as concelleiros/as delegados/as dos servizos, cunha adicación de 22 horas e 30 minutos semanais, a cantidade de vinte e dous novecentos cincuenta euros – 22.950,00 €- cantidade que será aboada mensualmente coas nóminas municipais, pagadera en catorce mensualidades (doce ordinarias e dúas extraordinarias), e que experimentará as variacións legais previstas para as retribucións dos funcionarios nas sucesivas leis anuais de presupostos, con efectos do 1 de xullo de 2023.

**Sexto.-** Solicitar á Tesoureiría Xeral da Seguridade Social a alta dos/das sres./sras. Concelleiros/as, con efectos do 1 de xullo de 2023, e asumindo o Concello as obrigas que as normas do Réxime Xeral da seguridade social imponen ás Empresas en relación cos traballadores ao seu servizo, asumindo a corporación o pago da cota empresarial correspondente.

**Sétimo.-** Autorizar e dispoñer o gasto, con cargo as aplicacións presupostarias correspondentes ás que se imputarán os gastos que correspondan ao período comprendido dende a aprobación desta proposta ata o trinta e un de decembro do presente ano, aos que se refiren os puntos cuarto a sexto do presente acordo; de ser o caso tramitar as correspondentes modificacións orzamentarias.

**Oitavo.-** Publicar íntegramente no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro electrónico de anuncios da Corporación e no portal de transparencia o presente acordo plenario, para os efectos do previsto no art. 75.5 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local.»

Bergondo, 28 de xuño de 2023

A alcaldesa-presidenta

Alejandra Pérez Máquez